


Global express

A actualidade na aula

Etiópia: máis aló da seca



DIANA CASELLAS - INTERMÓN OXFAM

A seca azouta de novo África onde 38 millóns de persoas están en perigo de pasar unha gran fame en máis de dez países. A repetida falta de chuvias deixou África nunha situación extremadamente delicada. Sen embargo, non só o tempo é o responsable da crise.

Esta edición de *Global Express* analiza os diversos factores que fan que a seca desencadee unha fame negra e veremos qué se esconde detrás desta vinculación.

Crise alimentaria en África: ¿a seca como única causa?



En África do Sur 15 millóns de persoas que sofren escaseza de alimentos están ameazadas pola fame negra para este ano 2003. En África do Sur, Malawi, Zimbabwe, Zambia, Lesotho, Swazilandia e Mozambique son os países máis afectados. No leste, en Etiopia e en Eritrea, outros 16 millóns están expostos á fame e en Mauritania unhas 750.000 persoas, case o 30% da poboación do país.

A causa da escaseza dos alimentos é aparentemente a falta de chuvias, que provocou a sequidade dos campos e a falta de pasto e de auga para o gando, e deixou millóns de persoas sen medios de sustento.

¿POR QUE TANTA SECA?

En moitos países africanos este é o segundo ou o terceiro ano consecutivo de seca e moitas familias xa esgotaron tódolos mecanismos para lle facer fronte. A falta de colleitas e a morte do gando provocou que escasearan os alimentos e moitas persoas viven actualmente baixo a ameaza da fame negra.

É un feito probado que as catástrofes relacionadas co clima van en aumento cada ano. Secas, ciclóns, inundacións, etc., azoutan boa parte do planeta e moitas sociedades sofren as consecuencias do descenso na produción das colleitas, a redución das reservas de auga, etc.

África contribúe moi pouco ó cambio climático, con poucas emisións de dióxido de carbono tanto en valor absoluto coma en termos per capita. Este continente supón só o 2-3% das emisións mundiais de dióxido de carbono que provén da enerxía e mais da industria. Sen embargo, é un dos que máis sofre os efectos do cambio climático.

A deforestación é un dos principais problemas ambientais dos países subsaharianos. A causa principal é a alta demanda de carbón e de madeira que obriga a cortar árbores e deixa moitas zonas totalmente deforestadas.

A necesidade a curto prazo de obter diñeiro para alimenta-la familia pode levar a moitas comunidades a asumir riscos que ó longo do tempo lles serán prexudiciais. Nomina Tusu, de Etiopia, vive normalmente do que produce a terra. Este ano, sen embargo, a seca deixouna sen colleita e ten que buscar outras alternativas para alimenta-la familia. “Corto leña da zona e vouna vender ó mercado da vila. Na cidade sempre hai demanda de leña e de carbón e vendendo estes produtos obteño un mínimo de diñeiro que utilizo para mercar cereais e auga para os meus fillos. ¿Que máis podoo facer? A rexión onde vive está cada vez máis deserta e as secas son polo tanto máis recorrentes e con efectos máis severos sobre a poboación. Deste xeito, moitos países viven atrapados nun círculo de difícil saída.


SECA E FAME NEGRA, ROMPÁMO-LO VÍNCULO

Sen embargo, se ben a seca foi o detonante da crise alimentaria que sofren moitos países africanos, as causas reais son complexas e varían dun país a outro. Reflicten unha mestura de pobreza, tempo errático, gobernabilidade pobre e unhas determinadas condicións sociais e económicas. Son causas máis de tipo estrutural que dificilmente saen analizadas nos informativos que nos ofrecen. A seca non comporta inevitablemente a fame negra e proba disto é que unha seca de características similares noutro punto como Europa non ten nin moito menos as mesmas consecuencias.



Os desastres non son naturais

Os desastres non son naturais



Fonte: Karlos Pérez de Armiño (1994)

As catástrofes son naturais pero os desastres non e non deberían ser vistos coma o resultado inevitable dunha catástrofe. As catástrofes aféctanlles ás persoas dun xeito diferente dentro das sociedades e poden ter un impacto moi diferente dependendo da sociedade ou do país que afecten.

Para que unha catástrofe se converta en desastre cómpre que lles afecte a persoas vulnerables. Así, os desastres non son só froito dunha determinada catástrofe senón que poden ser analizados como produto de factores sociais, políticos e económicos. Se as persoas poden reduci-lo seu grao de vulnerabilidade, entón as catástrofes non teñen por qué producir inevitablemente un desastre. Sen embargo, os factores que fan que algunhas poboacións sexan máis vulnerables ca outras son raramente analizados.

-catástrofe: evento extremo (natural ou humano) que lle pode afectar a un determinado lugar nun determinado momento, con maior ou menor grao de intensidade, e que actúa como detonante dunha crise. Poden ser naturais como os terremotos, as inundacións, as secas, etc. ou causadas pola man do home como os conflitos armados ou as intoxicacións.

-desastre: grave perturbación do funcionamento da sociedade, que causa amplas perdas humanas, materiais ou ambientais, que exceden a capacidade da sociedade afectada para afrontala utilizando só os seus propios recursos. As consecuencias dos desastres poden plasmarse en diferentes fenómenos como fame negra, epidemias, éxodo da poboación, etc.

-vulnerabilidade: é o nivel de risco que afronta unha familia ou un individuo a perde-la vida, os seus bens e as propiedades, ou o sistema de sustento (o seu medio de vida) ante unha posible catástrofe. O grao de vulnerabilidade dun grupo é o principal determinante de que unha catástrofe natural ou humana poida desencadear un desastre. A vulnerabilidade vén determinada por dous factores claves:

- exposición física ás catástrofes (risco)
- acceso limitado ós recursos: pobreza de ingresos e reservas, inseguridade do sistema de sustento e indefensión ou desprotección persoal.

Calquera actuación nunha situación de axuda humanitaria entón ten tres posibilidades:

- non actuar sobre a vulnerabilidade, a vella receita de comida para hoxe e fame para mañá
- contribuír a reduci-la fomentando o desenvolvemento no país
- no peor dos casos, incrementala.

Sería o caso, por exemplo, dunha entrada masiva de alimentos desde o exterior nun país con suficientes reservas internas. Isto podería xera-la desestabilización dos mercados locais e poñer máis en risco, ó longo do tempo, a seguridade alimentaria da poboación e maila súa dependencia externa.

Analiza-la vulnerabilidade permite analiza-la realidade cunha visión estrutural e non só conxuntural e responder ás causas profundas e non só alivia-los síntomas.


¿Ata cando ESPERAREMOS?

Pero, ¿onde están os nenos esfameados? Aquí a xente non está morrendo de fame. Non hai historia que contar. A queixa formúlaa un xornalista italiano que viaxou desde Roma co obxectivo declarado de lles contar “unha nova fame negra” ós seus lectores. Está decepcionado. Realmente, a escena esta vez é diferente. Hai pobreza, mendicidade, rostros que imploran, pero non hai mortos. Porque en Etiopía non hai unha fame grande. Aínda. Pero haberaa, aseguran o Goberno e mailo Programa Mundial de Alimentos da ONU, a menos que once millóns de persoas en situación de extrema vulnerabilidade reciban axuda alimentaria durante 2003.

AXENCIA EFE 14-12-02

“La gente tiende a no mobilizarse hasta que ve al niño esquelético en la televisión, pero ahora se está pidiendo la ayuda precisamente para evitar que tengamos que verlo”

DIANA CASELLAS DE INTERMÓN OXFAM.



Máis duro cá seca: Máis duro cá seca:



O lastre da débeda externa A débeda ten para os países do sur custos financeiros e sociais. Segundo o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), algúns dos países máis endebedados presentan os indicadores de benestar humano máis baixos. Estes países teñen taxas de mortalidade infantil, analfabetismo e malnutrición superiores ás doutros países empobrecidos. Segundo o PNUD, os gobernos da África subsahariana transfírenlles ós acredores do norte catro veces máis do que gastan na saúde dos pobos. En Zambia, por exemplo, un cuarto do orzamento estatal utilízase para paga-la débeda.

Sida, o obstáculo das patentes Uns 29 millóns de africanos viven co VIH. Destes, só 30.000 reciben tratamento antiretroviral. Este é o número de persoas que lle pode facer fronte ó elevado prezo que os medicamentos adquiren como consecuencia do sistema de patentes establecido pola Organización Mundial do Comercio.

O impacto do VIH/SIDA é altísimo en moitos países de África xa que lles afecta principalmente ás persoas en idade productiva e deixa orfos un bo número de nenas e nenos. A ameaza vai máis aló do VIH/SIDA. Os medicamentos que poderían tratar as principais enfermidades mortais como a malaria, a pneumonía, a diarrea e a tuberculose tamén están patentados. O tratamento patentado contra a SIDA custa entre 3 e 15 veces máis có equivalente xenérico. En Zambia, por exemplo, tratar unha pneumonía infantil pode custar-la metade do orzamento mensual dunha familia.

A inxustiza do comercio internacional As políticas das institucións financeiras internacionais, como o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional, e mailos principais doadores do norte, tamén xogan o seu papel nesta crise. Durante os últimos 15 anos, as institucións financeiras internacionais designaron reformas agrícolas para moitos países africanos sen ter en conta o impacto sobre a pobreza ou a seguridade alimentaria: prohibiron os subsidios ós agricultores do sur, mentres que EUA e a UE seguen destinando enormes sumas de diñeiro para subsidia-los seus agricultores; forzaron a apertura dos mercados, que se ven agora inundados por importacións baratas do norte, e desmanteláronse acordos internacionais que garantían a estabilidade de produtos básicos como o café. Lonxe de mellora-la seguridade alimentaria, as políticas do BM e mais do FMI deixaron os agricultores do sur nunha situación máis vulnerables ca nunca.

Se África aumentara nun 1% a súa participación nas exportacións mundiais, os ingresos que xeraría representarían unhas cinco veces a cantidade que se lle proporciona á rexión a través da axuda e do alivio da débeda.

Multinacionais, beneficiarias da crise O Banco Mundial e mailo FMI empurraron os países empobrecidos para

que liberalizaran o comercio e buscaran un crecemento orientado á exportación nas súas áreas de “vantaxe comparativa”. Pero estes países agora vense atrapados ó vender materias primas das que, en última instancia, non obteñen o valor engadido que o produto final adquiriu cando chega ós andeis dos supermercados. Un dos casos máis evidentes é o do café que supón o 60% dos ingresos dun país como Etiopía. Actualmente, Etiopía perde pola caída do prezo do café nos mercados mundiais o dobre do que aforra polo alivio da débeda. Esta perda de ingresos mingua as posibilidades do país para loitar contra as causas estruturais que implican a crise alimentaria así como a posibilidade de tomar medidas inmediatas de alivio á situación actual.

Mentres, as grandes multinacionais como Nestlé, Kraft ou Sara Lee enriquecécese día a día coas vendas deste produto.

A propiedade da terra a debate A agricultura é o pilar da economía de moitos países africanos. E a propiedade da terra por iso é polémica en moitos deles posto que determina a situación en que se atopan moitos dos agricultores. Para Zimbabwe a agricultura supón máis do 60% dos ingresos exteriores. Sen embargo, os aspectos sociopolíticos que acompañan o programa gobernamental de reasentamento da terra provocaron un declive na produción agraria. No corazón do problema está a disparidade racial sobre a propiedade da terra: 4.500 granxeiros brancos posúen 11 millóns de hectáreas da mellor terra cultivable, mentres que 12 millóns de negros son propietarios de 16 millóns de hectáreas de terra menos productiva.

En Etiopía o debate sobre a propiedade da terra tamén é un tema candente aínda que nunha dirección moi diferente do caso anterior. Actualmente, o goberno é propietario de toda a terra do país, que se lles cede ós agricultores en parcelas de 1 hectárea. Arredor do 85% dos 65 millóns de etíopes depende da agricultura e moitos reclaman máis terra para cultivar. Algúns analistas opinan que se as terras pertencesen ós agricultores, estes investirían máis nelas. Outros, sen embargo, consideran a propiedade privada unha diferenza social e que aumentaría a exclusión dos agricultores máis pobres.

Migracións internas Na maioría dos países afectados pola seca e a consecuente crise alimentaria, moitas persoas están emigrando desde as áreas rurais cara ás cidades, principalmente os homes, que foxen das aldeas coa esperanza de atopar un traballo ou comida. As mulleres permanecen soas en moitas aldeas e deben enfrontarse con grandes dificultades para alimenta-las familias: o 39% das familias que sofren inseguridade alimentaria están agora encabezasas só por mulleres.

E mentres a comunidade internacional...



Os xefes de Estado e de Goberno, reunidos en Roma no Cumio Mundial sobre a Alimentación, renovámonos nosos compromisos mundiais de reducirmos á metade o número de persoas famentas no mundo para o ano 2015 a máis tardar, tal como se reafirmou na Declaración do Milenio das Nacións Unidas.

Declaración do Cumio Mundial sobre a Alimentación da FAO, 10-13 xuño 2002

Se a seca foi o detonante desta crise, a pobreza é a verdadeira causa, e esta está moi relacionada coa política agraria do país. A vulnerabilidade da xente é tan grande que só fai falta que falle unha estación de chuvias para que pasen de ser pobres a miserables. Chova ou non, están condenados.

Berhanu Nega, director do Instituto de Investigación de Política Económica Etíope

Estou en contra da teoría das empresas multinacionais que din que se estás contra a fame debes estar a prol dos alimentos xeneticamente modificados. Hai suficiente comida natural, normal e boa no mundo para alimenta-lo dobre da humanidade.

Jean Ziegler, investigador das Nacións Unidas, BBC 14-11-02

A economía sufriu un duro golpe por mor da crise do café. Hai uns meses, un informe oficial do goberno etíope aseguraba que a maior preocupación do Goberno para este ano era o impacto da baixada dos prezos do café e mais dos cereais sobre os pequenos produtores.

ABC, 8-12-02

Nestlé reclámalle a Etiopia seis millóns de dólares en plena fame negra. A multinacional esixe unha indemnización pola nacionalización dunha sociedade en 1975. Nestlé reclámalles seis millóns de dólares, equivalente ó 0,007% dos seus ingresos anuais, ás autoridades de Etiopia, país que afronta unha gran fame, azoutada pola seca e mais pola crise do mercado do café.

El País, 18-12-02

David convence a Goliat. Nestlé reduce unha demanda contra Etiopia e decide axuda-lo país con 1,5 millóns de dólares. Internet erixiuse nunha arma pacífica para combater polas causas perdidas. Con éxito. Desde hai un mes, un alude electrónico de 40.000 correos caeu desde Estados Unidos, Reino Unido, Francia e España sobre o xigante da alimentación Nestlé. Os internautas, esporeados por Intermón Oxfam, suplicábanlle ó grupo suízo que tirase a toalla na súa reclamación de seis millóns de dólares a unha Etiopia azoutada pola seca.

El País, 25-2-03

O Banco Mundial eloxia a privatización da saúde pública en Zambia: “É un modelo para África. Xa non hai colas nos hospitais”. O diario The Zambian Post completa a idea “Xa non hai colas nos hospitais, porque a xente morre na casa”.

Eduardo Galeano

Guía didáctica

Guía didáctica

A proposta didáctica que achegamos está dirixida ó alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser de utilidade para a área de sociais, ética, titorías, etc., así como para calquera docente interesado no tema. O obxectivo desta proposta é recoñecer e identifica-la gran diversidade de factores que fan que a seca desencadee unha fame negra.

AUTORAS: CLARA BASTARDES Y MIREIA ALIART.

Actividad nº 1:

A través do calidoscopio

Obxectivo: Romper cos estereotipos amosando as diferentes realidades que conviven nun mesmo país. Son dúas imaxes ben diferenciadas e moi contrastadas do que é Etiopía: o río Nilo con terras fértiles e produción agrícola e unha zona desértica.

Actividad nº 2:

Cando falla a chuva

Obxectivo: Coñecer algúns aspectos xeográficos, sociais e económicos de Etiopía. Contrasta-la información obtida e a que nos chega a través dos medios de comunicación. Descubrir que a crise é consecuencia dunha seca puntual que se suma á situación de vulnerabilidade e pobreza máis estrutural, e que repercute directamente na poboación.

Orientacións: Co exercicio (1) descubrir qué é o que xa saben sobre o país. O exercicio 5 servirá para buscar información máis precisa sobre o país. É importante dispoñer destes datos de cara a poder desenvolver-lo resto dos exercicios e saber, así, que en Etiopía existe unha diversidade de cultivos, zonas fértiles, gandería, produtos para a exportación, diferentes estacións climáticas, etc. Cos titulares (6) trátase de que se decaten de que Etiopía é noticia nos medios de comunicación por unha situación de crise puntual. A partir da comparación (7) abrir interrogantes para explicar cómo é posible que un único factor puntual, o climático, sexa tan determinante para a supervivencia dun pobo. Apuntar ideas previas sobre as causas da fame en Etiopía.

Actividad nº 3:

¿Por que hai fame en Etiopía?

Obxectivo: Identificar e recoñecer algunhas das causas que inflúen nesta situación e relacionalas cos efectos que teñen sobre a poboación. Descubrir que detrás da actual crise existen elementos non tan evidentes e que interveñen nesta situación.

Orientacións: As causas que identificarán no texto (8) determinan a vulnerabilidade da poboación e mais do país fronte ás catástrofes naturais (neste caso a seca). No exercicio (9), débese relaciona-los testemuños cos conceptos que se detallan. Cómpre ter en conta que algúns dos testemuños se poden relacionar con diversas causas.

O exercicio (10) propónse como unha actividade de toma de decisións. No primeiro caso, un dos principais problemas cos que se atopará a familia é que o resto da xente da zona está

na mesma situación. No mercado da zona haberá moita oferta de animais e isto provocará unha baixada dos prezos. En consecuencia, malvenderán o único recurso que lles queda. Outras alternativas ás que pode recorrer-la familia son a de ir buscar leña para vendela ou a de emigrar ás cidades. No segundo caso, a familia de pequenos produtores de café obtiña periodicamente unhas ganancias do café que cultivaban. Co que sacaban, pagaban a escola, a roupa e algúns alimentos. Desde hai cinco anos, estes ingresos foron diminuindo considerablemente. Actualmente, aliméntanse gracias ó pequeno terreo que dedican ó autoconsumo. Este ano venderon o café a un prezo aínda máis baixo e, polo tanto, a penas entrou diñeiro na economía familiar. A decisión está entre paga-la escola, mercar roupa ou mercar outros alimentos para completa-la súa dieta básica e non caer enfermos.

A situación 3 exemplifica o caso dun goberno empobrecido que non dispón de suficientes recursos para investir no desenvolvemento do seu país. A poboación deste país está sufrindo as consecuencias das malas colleitas que dificilmente pode resolve-lo goberno, xa que os ingresos do seu principal produto de exportación diminuiron dun xeito alarmante. O goberno etíope pode pedi-lo apazamento do pagamento da débeda externa e empregar ese diñeiro para mercar cereais. No futuro, este goberno deberá poñer en práctica unha política de desenvolvemento do sector agrario para evitar situacións coma a deste ano.

No exercicio (11) suscítase como actividade de síntese, retomando a pregunta formulada no exercicio 2. É aconsellable poñer en común as reflexións que poidan xera-las diferencias entre as respostas.

Actividad nº 4

E nós, ¿que podemos facer?

Obxectivo: Fomenta-lo espírito crítico e participativo do alumnado fronte a un feito puntual. Potenciar actitudes críticas fronte ás causas da pobreza.

Orientacións: Propóñense catro temas de fondo para debater. O alumnado pode dividirse en catro grupos ou asumilos todos. Cada grupo deberá presenta-las súas conclusións en forma de mural e expoñelas fronte ó resto dos compañeiros e das compañeiras.

Para saber máis:

Para saber máis:

Bibliografía:

Vulnerabilidad y desastres. Causas estructurales y procesos de la crisis de Africa

Pérez de Armiño, Karlos

Cadernos de traballo de HEGOA, nº 24, Bilbao(1994)

Economic Report on Africa 2002 Tracking performance and progress

Addis Abeba

Economic Comission for Africa, (2002)

Páginas web:

Páginas web:

Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación

www.fao.org/inicio.htm

Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento

www.undp.org/spanish

En inglés

www.fews.net

(Famine Early Warning System de USAID)

www.bbc.co.uk/worldservice/focusonafrica

(BBC)

Visita nuestra web y descarga el ¡¡global express!!

www.IntermonOxfam.org/educar/global



Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprende-lo estado do mundo e, en especial, a situación do mundo en desenvolvemento.

Global Express é unha iniciativa de: Development Education Project (Reino Unido), Panos Institute (Reino Unido), Curriculum Development Unit (Irlanda), Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).